

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 17 DE XULLO DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se concede a Medalla de Galicia na súa categoría de ouro aos profesionais da sanidade galega implicados na atención aos pacientes covid-19.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Gondomar de dous treitos antigos da estrada provincial EP-2303 Gondomar-Vilaza-Parada.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Cultura e Turismo a adquirir o compromiso de gasto plurianual que se deriva da Orde de convocatoria de dez bolsas de formación en proxectos de investigación do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades para os anos 2020, 2021 e 2022, por un importe total de douscentos trinta e sete mil seiscientos euros (237.600,00€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo do Consello da Xunta do 17 de xullo de 2020 polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo covid-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade

INFORMES



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

- Informe sobre as axudas ao emprendemento feminino (Emega), cofinanciadas co Fondo Social Europeo.
- Informe sobre os convenios de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e diversos concellos de Galicia para o mantemento dos gastos derivados do establecemento de normas e pautas organizativas de seguridade e vixilancia, de limpeza e de control ambiental das praias, destinadas á prevención da covid-19.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a resolución das axudas a parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Informe sobre a participación de Galicia no marco do programa europeo de axudas H2020.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta da contratación polo trámite de emerxencia de diverso material de subministracións da Área Sanitaria da Coruña e Cee, para facer fronte á pandemia da covid-19, por importe de dous millóns cincuenta e oito mil oitocentos un euros con catorce céntimos (2.058.801,14€).
- Informe polo que se dá conta da contratación polo trámite de emerxencia da realización de diversas actuacións e subministracións para a Área Sanitaria da Coruña e Cee, para facer fronte á pandemia da covid-19, por importe de novecentos catorce mil cincocentos trinta e seis euros con dezanove céntimos (914.536,19€).
- Informe polo que se dá conta da contratación polo trámite de emerxencia de diversos materiais de protección para facer fronte á pandemia da covid-19, por importe de tres millóns douscentos trinta e nove mil setecentos trinta e seis euros con vinte e seis céntimos (3.239.736,26€).
- Informe polo que se dá conta da contratación polo trámite de emerxencia do reforzo do servizo de limpeza hospitalaria no Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol (CHUF), dependente da Área Sanitaria de Ferrol, para facer fronte á pandemia da covid-19, por un importe de cento catorce mil cento corenta e oito euros con cincuenta e tres céntimos (114.148,53€).



O CONSELLO DA XUNTA CONCEDE A MEDALLA DE OURO DE GALICIA AOS PROFESIONAIS DA SANIDADE GALEGA IMPLICADOS NA ATENCIÓN DOS PACIENTES DA COVID-19

- *A entrega desta distinción realizarase o vindeiro 24 de xullo nun acto solemne*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se lle concede a Medalla de Galicia, na súa categoría de ouro, aos profesionais da Sanidade galega que se implicaron na atención dos pacientes pola covid-19.

Deste xeito, hónrase coa máis alta condecoración que outorga a Xunta de Galicia a todos estes profesionais que non escatimaron esforzos, mesmo poñendo en risco ás súas vidas, para coidar aos afectados pola pandemia. Trasládaselles así o recoñecemento e agradecemento de todo o pobo galego.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE GONDOMAR DE DOUS TREITOS ANTIGOS DA ESTRADA PROVINCIAL QUE COMUNICA ESTA VILA CON VILAZA E PARADA

- *Estes treitos da estrada EP-2303 discorren polos lugares de Villares e Ariora*
- *O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais*
- *O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Gondomar de dous treitos antigos da estrada provincial EP-2303 que comunica esta vila con Vilaza e Parada.

O concello pontevedrés solicitou á Deputación provincial o cambio de titularidade dos dous treitos antigos da vía que discorre polos lugares de Villares e Ariora. Esta petición dá cumprimento ao previsto nun convenio asinado entre as dúas administracións.

A Administración provincial de Pontevedra acordou aprobar o cambio de titularidade a prol do Concello de Gondomar e emitiu informe favorable para a transferencia dos treitos antigos da vía provincial, de 116 metros, que comeza no punto quilométrico 1 + 970, e do tramo de 66 metros que remata no punto 2 + 230.

A transferencia a prol do Concello de Gondomar tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, a proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe o Concello terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA CONVOCA DEZ BOLSAS DE FORMACIÓN PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES NO CENTRO RAMÓN PIÑEIRO

- *Cun investimento de máis de 230.000€, o obxectivo é fomentar a formación e capacitación dos beneficiarios, promovendo o ensino e a investigación en galego*
- *Poderán solicitálas as persoas que estean en posesión do título universitario ou de grao esixido en cada caso e posuír unha nota media igual ou superior a 6,5*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a convocatoria de dez bolsas de formación no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, unhas axudas formativas coas que o Goberno galego busca cada ano fomentar a formación e capacitación dos titulados universitarios, promovendo ao mesmo tempo o ensino, a cultural e a investigación en lingua galega. A vixente convocatoria contará cun importe total de 237.600€.

Poderán solicitar as axudas as persoas licenciadas ou graduadas universitarias nas titulacións esixidas no proxecto para o que presenten a súa solicitude, acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4, non resultar beneficiario dunha bolsa en concursos anteriores ou contratos do Centro Ramón Piñeiro e posuír unha nota media no seu expediente académico igual ou superior a 6,5 puntos.

En concreto, os proxectos nos que poderán participar os bolseiros son: *Dicionario galego-italiano (Galita)*, *Bibliografía da literatura galega*, *Corpus de referencia do galego actual (Corga)*, *Cantigas de Santa María*, *Prosa literaria medieval*, *Terminoloxía científico-técnica*, *Recursos para o desenvolvemento das tecnoloxías da fala*, *Proxecto Base de datos do Atlas Lingüístico Románico (ALIR)* e *Dicionarios de literatura*. A data estimada de comezo da formación será o 1 de novembro de 2020 e rematará, en calquera caso, o 31 de outubro de 2022 e os beneficiarios recibirán 990 euros ao mes.

As solicitudes deberán presentarse a través da sede electrónica da Xunta no prazo dun mes desde a publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia e, unha vez rematado o prazo, serán avaliadas por unha comisión de avaliación formada por catro membros e presidida polo coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro. A comisión valorará os méritos acreditados documentalmente por cada un dos solicitantes, tendo en conta especialmente a nota media do expediente académico, a súa formación complementaria, a presentación de comunicacións e congresos relacionados coa bolsa ou as publicacións relacionadas coa especialidade da investigación.

Máis de 500 investigadores en 26 anos

O Centro Ramón Piñeiro é un organismo dependente da Consellería de Cultura e Turismo que se encarga de impulsar e difundir proxectos de investigación lingüística, literaria, histórica e antropolóxica centrados en Galicia. Actualmente, as súas liñas de traballo xiran arredor da lingüística aplicada, a literatura medieval, a recuperación de



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

publicacións literarias ou a identidade colectiva desde o punto de vista antropolóxico. Desde a súa fundación, hai 26 anos, pasaron máis de 500 investigadores ou bolseiros que formaron parte dos diferentes proxectos de investigación impulsados desde o centro.

Do mesmo xeito, a Xunta de Galicia, no marco da súa aposta pola formación e excelencia, vén ofertando nos últimos anos un amplo abano de programas formativos en todas as súas áreas. Así, no caso da Consellería de Cultura e Turismo convócanse anualmente preto de 110 prazas que permiten ampliar a formación e coñecementos nos ámbitos culturais e turísticos con estadías en bibliotecas, arquivos, oficinas de turismo ou universidades, entre outras.





A XUNTA FAI OBRIGATORIO O USO DE MÁSCARA

- *Haberá que levaras tanto ao aire libre como nos espazos pechados, sempre que se poida concorrer con outras persoas e aínda que se poida garantir a distancia de metro e medio*
- *Quedarán eximidas do seu uso as persoas con problemas respiratorios e os convivintes e tampouco haberá que usalas nas praias e piscinas durante o baño ou cando non haxa desprazamentos, nos establecementos de hostalería no momento de consumir e nas prácticas individuais de exercicio ao aire libre*
- *Os expertos coinciden en que o uso xeneralizado da máscara está a amosarse como unha das medidas máis eficaces para evitar a transmisión do virus da covid-19*

O uso da máscara será obrigatorio en Galicia en todo momento. O Consello da Xunta aprobou hoxe esta medida para dar un paso máis na loita contra a covid-19 na nosa Comunidade.

Así, todos os cidadáns deberán levar máscara tanto ao aire libre como nos espazos pechados, sempre que se poida concorrer con outras persoas e aínda que sexa posible garantir a distancia de metro e medio.

Esta normativa contempla unha serie de excepcións, polo que as persoas que teñan problemas respiratorios non estarán obrigadas a utilizar máscaras ao igual que as persoas convivintes, tanto en espazos abertos como pechados. Tampouco terán que usarse nas praias e nas piscinas no momento do baño ou cando se permaneza sen desprazarse; nos establecementos de hostalería no momento de consumir; e no caso de exercicio ao aire libre, sempre que sexa individual.

A Consellería de Sanidade lembra que a pandemia pola covid-19 segue activa e hai que seguir traballando para facerlle fronte. Para iso unha das mellores maneiras de facelo é seguir cumprindo coas medidas preventivas. Os expertos coinciden en que o uso xeneralizado da máscara está a amosarse como unha das medidas máis eficaces para evitar a transmisión do virus da covid-19.

Cómpre lembrar que a Xunta de Galicia foi a primeira Comunidade, o pasado 25 de xuño, que decidiu reforzar os supostos nos que era necesario o seu uso. Agora únese a esta medida que está sendo adoptada tamén por outras comunidades.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O PROGRAMA EMEGA CREOU PRETO DE 700 POSTOS DE TRABALLO NOS ÚLTIMOS CATRO ANOS

- *O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe da resolución deste programa de axudas entre 2016 e 2019*
- *Neste período investíronse case 5 M€ que permitiron a posta en marcha de 381 proxectos empresariais liderados por mulleres*
- *En 2019 estendéronse os servizos de titorización, asesoramento e apoio da liña Dual ao total de propostas beneficiarias das axudas*

O programa para o fomento do emprendemento feminino (Emega) financiou entre 2016 e 2019 un total de 381 proxectos liderados por mulleres que permitiron a creación e mantemento de 695 postos de traballo feminino. O ano pasado foron beneficiarias destas axudas 161 iniciativas empresariais, o que supón un 123% máis que as 72 do exercicio anterior.

Así se desprende do informe coñecido hoxe polo Consello da Xunta, no que se recollen os detalles das resolucións dos últimos catro anos do Emega, unha iniciativa cofinanciada polo Fondo Social Europeo (FSE), no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020.

A Xunta incrementa ata os 1,7 millóns de euros o investimento nestas axudas. A aportación do Goberno galego nos últimos catro anos no programa Emega foi de 4,9 millóns de euros. O incremento en comparación aos 1,3 millóns de euros consignados en 2016 acada o 33%. O programa configúrase como unha medida integral para a promoción da igualdade, a participación e a progresión das mulleres no mercado de traballo e no desenvolvemento da súa actividade profesional. Así, contribúese a acadar a igualdade de oportunidades de mulleres e homes no ámbito laboral, ao mesmo tempo que se apoia o empoderamento económico e social das mulleres.

O obxectivo desta iniciativa, consolidada como medida para fomentar o emprendemento feminino é apoiar a posta en marcha, a mellora e a reactivación de iniciativas empresariais constituídas por mulleres, xunto co impulso doutras medidas complementarias para favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral. A finalidade última é que as mulleres emprendedoras que teñan unha idea poidan materializala e axuden, ao mesmo tempo, á creación de novos postos de traballo.

O Emega está integrado por catro liñas de axuda: a *Emprende*, para promover a posta en marcha de novas iniciativas empresariais e crear emprego feminino estable por conta propia ou allea; *Innova*, para promover a implantación de medidas innovadoras para a mellora da competitividade de empresas constituídas por mulleres; *Activa*, para favorecer a reactivación e consolidación de empresas a través de medidas de renovación ampliación ou cambio de localización; e *ITEF*, para incentivar iniciativas empresariais con

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

contido científico ou base tecnolóxica promovidas por mulleres. A maiores, establécense dúas liñas de axudas complementarias: a *Concilia*, para promover a conciliación da vida persoal, familiar e laboral; e a *Dual*, para apoiar a participación das promotoras no programa de titorización, e facilitar desta maneira a consolidación dos proxectos financiados.

Na convocatoria do ano pasado, este servizo de titorización e asesoramento estendeuse ao 100% das promotoras que recibiron axudas para implantar 161 iniciativas empresariais, co obxectivo de reforzar a sustentabilidade e o éxito dos proxectos. O servizo lévase a cabo mediante un acordo coa Universidade de Santiago de Compostela, a través do departamento Woman Emprende.

Segundo os datos dispoñibles, correspondentes ao período 2016-2019, o 93% das axudas -354 do total de 381- destináronse á liña Emprende. A liña Activa absorbeu o 6% con 23 subvencións e houbo catro concesións da liña ITEF, das que a metade se outorgaron o ano pasado. Dos 695 empregos de carácter indefinido de mulleres (642 empregos creados e 53 empregos mantidos coa liña Activa) ao abeiro deste programa nestes catro anos, o 84%, cun total de 590 novos postos de traballo, corresponden coa liña Emprende, aos que se suman 98 da liña activa e 7 da ITEF.

Novidades convocatoria 2020

A convocatoria foi publicada no DOG o pasado 6 de xullo cun orzamento de 1.778.103 euros, que representa un incremento interanual do 4%. Está aberto o prazo de presentación de solicitudes ata o 6 de agosto de 2020.

Nesta convocatoria de 2020 de axudas ao fomento do emprendemento feminino incorpóranse varias modificacións para minimizar os efectos negativos e intensificar o apoio ás emprendedoras, especialmente neste contexto de extrema gravidade pola crise económica, social e sanitaria derivada da pandemia da covid-19.

A principal novidade é que se aposta por reforzar a liña Activa, que é a que se considera máis adecuada para ter en conta a situación da covid-19, para a reactivación de iniciativas emprendedoras de mulleres que pasen por dificultades económicas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA DESTINA 1,1 MILLÓNS DE EUROS AOS CONCELLOS PARA FINANCIAR A IMPLANTACIÓN DE MEDIDAS DE PREVENCIÓN DA COVID-19 NAS PRAIAS

- *Xa están asinados os primeiros 42 convenios con concellos costeiros con menos de 40.000 habitantes, un mínimo de 300 prazas hoteleiras e máis de 5 praias*
- *Con este orzamento, finánciáanse os gastos do persoal que se dedica a medidas de control de aforo*
- *Tamén se cobren gastos correntes e investimentos relacionadas con limpeza, desinfección ou cartellaría*

A Xunta destinará un total de 1,1 millóns de euros para financiar a implantación de medidas de prevención da covid-19 nas praias. A día de hoxe, xa están asinados os primeiros 42 convenios cos concellos.

Os criterios que deben cumprir os concellos para optar a estas axudas son: contar cunha poboación inferior a 40.000 habitantes, un mínimo de 300 prazas de aloxamento hoteleiro e unha cifra superior a 5 praias. Enténdese que son os concellos con estas características os que afrontan maiores dificultades e necesidades de financiamento. Así, a Administración autonómica préstalles un apoio especialmente necesario, tendo en conta as especiais circunstancias ás que teñen que facer fronte este verán.

Con este financiamento, os concellos poden cubrir os gastos de persoal que se dedica a medidas de control de aforo das praias, pero tamén se financian outros gastos de funcionamento ou investimentos relacionados con limpeza, desinfección ou a instalación de sinais e cartellaría.

A día de hoxe, aínda queda un remanente do orzamento previsto, que se destinará aos concellos que acrediten máis necesidades ou circunstancias sobrevidas nesta materia e que precisen dun apoio adicional.

No seguinte táboa poden consultarse os 42 concellos que xa asinaron os convenios:

Concellos beneficiarios
Concello de Ares
Concello de Barreiros
Concello de Camariñas
Concello de Carnota
Concello de Cervo



Concellos beneficiarios
Concello de Fisterra
Concello da Guarda
Concello de Marín
Concello de Moaña
Concello de Nigrán
Concello de Noia
Concello da Pobra do Caramiñal
Concello de Porto do Son
Concello de Redondela
Concello de Rianxo
Concello de Ribadeo
Concello de Ribeira
Concello de Sanxenxo
Concello do Vicedo
Concello de Cedeira
Concello da Illa de Arousa
Concello de Sada
Concello de Vilanova de Arousa
Concello de Viveiro
Concello de Muros
Concello de Pontedeume
Concello de Arteixo
Concello de Cabana de Bergantiños
Concello de Cangas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Concellos beneficiarios
Concello de Foz
Concello de Laxe
Concello de Malpica de Bergantiños
Concello de Ortigueira
Concello de Vilagarcía de Arousa
Concello de Bueu
Concello de Carballo
Concello de Cee
Concello de Miño
Concello de Oleiros
Concello de Valdoviño
Concello de Baiona
Concello de Ponteceso



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

GALICIA MOBILIZARÁ MÁIS DE 3,3 M€ PARA MELLORAR OS PARQUES EMPRESARIAIS DE 29 CONCELLOS

- *O Consello da Xunta avalía a resolución correspondente á orde de axudas para impulsar as infraestruturas dos polígonos, cun total de 34 iniciativas apoiadas*
- *Todos os proxectos pertencen a Concellos Emprendedores e a maior parte das obras terán como obxectivo a realización de infraestruturas viarias*
- *Os apoios súmanse ao millón de euros concedido para a creación de cinco viveiros industriais e á nova liña para o reforzo e extensión das redes de distribución eléctrica que mantén o prazo de solicitude aberto ata o 6 de agosto*
- *As axudas apostan por fortalecer o tecido empresarial e a súa competitividade, así como mellorar as infraestruturas da Comunidade*

O Consello da Xunta avaliou hoxe o informe da resolución da orde de axudas para a mellora de infraestruturas dos parques empresariais galegos que beneficiarán a un total de 29 municipios -todos eles *Concellos Emprendedores*-.

Destínanse 2,5 M€ que mobilizarán máis de 3,3 M€ nun total de 34 proxectos que se realizarán en 30 parques empresariais. A maior parte das axudas -24- teñen como obxectivo o desenvolvemento de infraestruturas viarias, pero tamén se acometerán iniciativas relacionadas coa instalación de plantas de depuración de auga, colectores con vertedura á depuradora municipal, xestión de residuos, sistemas de seguridade e vixilancia, e instalacións comúns destinadas á loita contra incendios dentro do parque empresarial. Entre as iniciativas que se van levar a cabo destacan o proxecto de pavimentación do vial e beirarrúas no polígono industrial de Xaras en Ribeira; a renovación do emisario da rede de saneamento do polígono industrial de Espírito Santo en Cambre; e a mellora de infraestruturas viarias no polígono de Reboredo, en Monforte de Lemos.

Por provincias, Ourense realizará 10 proxectos en oito concellos; A Coruña, nove iniciativas en outros tantos concellos; Pontevedra tamén executará nove proxectos en sete concellos; e Lugo, seis iniciativas en cinco municipios.

Esta orde de axudas contribúe a apoiar aos concellos galegos e supoñen un impulso para a captación de investimentos en Galicia, cumprindo así un dos obxectivos prioritarios da Lei de implantación empresarial. Permiten fortalecer o tecido empresarial mellorando a súa competitividade a través de infraestruturas que axudan a mellorar a oferta de solo empresarial, repercutindo na creación de emprego. Súmase ao millón de euros concedido este ano para a creación de cinco viveiros industriais.

Este ano, ademais, convocouse por primeira vez unha nova liña de apoios para o reforzo e extensión das redes de distribución eléctrica (ampliación de potencia da subministración eléctrica) á que se destinan 4,4 M€ e que estará aberta ata o 6 de



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

agosto. O obxectivo é cubrir a necesidade dos parques empresariais galegos de contar cun abastecemento de enerxía eléctrica a través de redes de distribución que acheguen seguridade e calidade ás demandas das empresas instaladas.

Desde o ano 2009 a Xunta leva apoiado, a través desta orde de axudas, o desenvolvemento dun total de 593 proxectos en 150 parques empresariais, o que supuxo un investimento para a Administración autonómica de 41,8 M€.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

GALICIA CAPTA 134,7M€ DE FONDOS EUROPEOS A TRAVÉS DO PROGRAMA MARCO DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN HORIZON 2020

- *A Comunidade logra no período 2014-2019 un 55% máis de apoios que durante todo o anterior programa marco*
- *Foron un total de 132 entidades galegas as que obtiveron financiamento, captando as universidades o 34,9% dos fondos, e os centros tecnolóxicos o 22,7%*
- *Co obxectivo de seguir contribuíndo a estes resultados, a Xunta conta con axudas por un total de 5M€ ata 2022 para fomentar a participación en H2020 e impulsar así a internacionalización da I+D+i galega*
- *A través desta convocatoria, posta en marcha o ano pasado por primeira vez, lévanse concedido xa apoios por preto de 1,2 millóns de euros, dos que o 87% foron obtidos por pemes e o 13% restante a organismos de investigación*

Galicia captou 134,7 millóns de euros no período 2014-2019 a través do programa marco de Investigación e Innovación da Unión Europea Horizon 2020 (H2020), o que supón un 55% máis de apoios que durante todo o anterior programa marco, vixente entre 2007 e 2013.

Un total de 132 entidades galegas obtiveron financiamento europeo para os seus proxectos. As universidades foron as que captaron máis axudas, logrando un 34,9% dos fondos; seguidas polos centros tecnolóxicos (22,7%); as empresas (18,7%) e a Administración pública (11%). A continuación sitúanse os centros públicos de investigación, cun 5,4%; as asociacións, cun 3,9%; e as asociacións de investigación, cun 3,3%. En concreto, as entidades cun retorno maior son a Universidade de Santiago de Compostela, seguida polo centro tecnolóxico Aimen, a Universidade de Vigo, o Servizo Galego de Saúde (Sergas) e a Universidade da Coruña.

Co obxectivo de seguir contribuíndo a estes resultados, a Xunta conta con axudas por un total de 5 millóns de euros ata 2022 para fomentar a participación en H2020 e impulsar así a internacionalización da I+D+i galega. A través desta convocatoria, posta en marcha o ano pasado por primeira vez, lévanse concedido xa apoios por preto de 1,2 millóns de euros, dos que o 87% foron destinados a pemes e o 13% restante a organismos de investigación.

A iniciativa persegue mellorar a calidade das propostas galegas no programa marco europeo, así como incrementar o impacto da convocatoria Instrumento Peme da Comisión Europea en Galicia a través do apoio económico ás propostas que recibiron o selo de excelencia sen chegar a obter a axuda europea. As solicitudes son atendidas por orde cronolóxica de entrada e ata o esgotamento do crédito.

A convocatoria, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), é pioneira a nivel estatal, ao incluír diferentes liñas de apoio: a de preparación de



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

propostas de calidade tanto de pemes como de organismos de investigación ao programa H2020; e a que permite apoiar propostas de pemes galegas que acadaron o selo de excelencia da Comisión Europea nas Fases 1 e 2 da convocatoria Instrumento PEME de Horizon 2020 que non obtiveron apoio europeo, co fin de optimizar a coordinación entre o Programa Marco (H2020) e o programa FEDER Galicia, de tal xeito que mellore a eficiencia e a eficacia no Sistema galego de innovación do financiamento dedicado a I + D + i.





INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

SANIDADE DESTINA MÁIS DE 6 MILLÓNS DE EUROS Á LOITA CONTRA A COVID-19 NOS HOSPITAIS PÚBLICOS GALEGOS

- *Desta cantidade, 3.239.736,26 euros son para a adquisición de catro millóns de máscaras cirúrxicas e preto de 20 millóns de luvas, ademais de máscaras FFP2/FFP3, pantallas de protección facial, solución hidroalcohólica, xiringas e agullas*
- *Tamén se dedican tres millóns de euros para a compra de material na Área sanitaria da Coruña e Cee, así como para a contratación de determinados servizos relacionados principalmente con tarefas de limpeza e desinfección*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a tramitación de emerxencia de catro expedientes de contratación, por valor de 6.327.222 euros, para subministrar material e equipamento aos hospitais do Sergas fronte á covid-19. Parte deste orzamento tamén se destina á realización de determinados traballos e servizos nestes mesmos centros.

O primeiro dos expedientes aprobados hoxe refírese á adquisición de equipos de protección individual, tales como luvas, máscaras respiratorias FFP2/FFP3 e pantallas protectoras; máscaras cirúrxicas; solución hidroalcohólica e dosificadores; e xiringas e agullas por un total de 3.239.736 euros. Comprende 3.999.000 máscaras cirúrxicas por valor de 1.993.180 euros; 19.832.880 luvas de exame de nitrilo e vinilo cun importe de 636.292 euros; e 130.00 máscaras FFP2/FFP3 cun custo de 347.000 euros. Ademais inclúe 25.000 pantallas de protección facial por valor de 87.500 euros; 1.530.000 agullas hipodérmicas e outras tantas xiringas cun custo de 94.416 euros e 24.174 euros respectivamente. O resto desta cantidade destínase a adquisición de solución desinfectante e dosificadores.

Esta compra ten como obxectivo dispoñer dunhas existencias suficientes como reserva estratéxica ante un posible repunte da pandemia, para que os centros sanitarios poidan continuar a súa actividade ordinaria e proceder a unha posible vacinación masiva da poboación galega, unha vez que haxa dispoñibilidade dalgunha vacina contra á covid-19.

Preto de 3 millóns de euros para a Área sanitaria da Coruña e Cee

O segundo dos expedientes autorizados está mañá polo Consello da Xunta é para a contratación de diversos traballos e servizos na Área sanitaria da Coruña e Cee, así como para o subministro de determinados materiais e produtos cun investimento total de 2.058.801 euros. Desta cantidade, ao redor de 1.300.000 euros destínase principalmente á adquisición de kits de PCR, ademais de kits de detección de pneumonía, kits de detección de ácidos nucleicos e medios de transporte para os virus. O importe restante, algo máis de 740.000 euros, repártense entre cámaras de inhalación para administrar medicamentos, máscaras de protección e máscaras cirúrxicas, termómetros dixitais e luvas de exame e cirurxía, así como gafas de protección ocular e batas protectoras estériles dun só uso.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

En canto ao terceiro expediente, que conta cun presuposto de 914.536 euros, ten como obxectivo diversos servizos e actuacións na área sanitaria coruñesa tamén por mor da covid-19. A maior parte deste orzamento vai destinado a tarefas de limpeza e desinfección en hospitais, puntos de atención continuada e centros de saúde por 590.000 euros, dedicándose o resto a labores de mantemento, vixilancia e seguridade. Ademais inclúese aquí a adquisición de 5.550 batas cirúrxicas por un importe que ronda os 145.000 euros.

Área sanitaria de Ferrol

O último dos expedientes cuxa tramitación foi autorizada hoxe, atinxe á Área sanitaria de Ferrol. En concreto é un reforzo do servizo de limpeza no Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol (CHUF), necesario para intensificar a desinfección no centro a causa da pandemia da covid-19. O orzamento neste caso ascende a 114.149 euros.